



## CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F  
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Expediente nº 1198/2019

DECRETO.-

Visto o Decreto desta Alcaldía no que se resolve inciar o procedemento que rexerá a selección de persoal para prover 1 praza de peón dos GES (Grupos de Emerxencia Supramunicipais) e a constitución dunha bolsa de emprego por esgotamento da anterior listaxe de reserva.

O Concello de Becerreá mediante resolución da Alcaldía de data 26 de decembro de 2018 adheríuse ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais que con esa mesma data se asinou en Santiago de Compostela.

Este convenio veu a substituír ao inicialmente suscrito con data 13 de maio de 2013, posteriormente modificado con data 28 de maio de 2013 e ao que tamén se tiña adherido este Concello e en virtude dos cales entrou en funcionamento o GES ANCARES-LUGO-SARRIA do que este Concello é sede e integrado por 12 peóns.

No Decreto que da inicio a este expediente sinaláse que estes postos de traballo non están previstos na Relación de Postos de Traballo do Concello de Becerreá aprobada por acordo Plenario de data 20 de decembro de 2018 carecendo de carácter estrutural ata que non se poida entender o contrario por delegación ou transferencia con asignación dos recursos financeiros correspondentes xa que o Concello está a exercer competencias que non lle son propias e mesmo cun ámbito de actuación superior ao municipal en concreto Concello do Becerreá, Concello de Baralla, Concello de Cervantes, Concello de Navia de Suarna, Concello de As Nogais, Concello de Pedrafita e Concello de Triacastela.

Visto que o grupo se constituíu con 12 membros que na actualidade son 11 por dimisión dun traballador sen que se puidera cubrir a vacante coa listaxe de reserva que se ten esgotado. Cómpre polo tanto prover a praza vacante e constituír unha bolsa de emprego para facer fronte a futuras vacantes, baixas ou substitucións dos membros do GES.

A vista de todo o antedito, elaboradas as bases que rexerán os procesos selectivos, esta Alcaldía en uso do artigo 21.1.g) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases que rexerán o procedemento de selección de persoal laboral temporal, e a convocatoria para o acceso, a xornada completa, dun peón que se integrará no GES de Os Ancares-Lugo-Sarria, a través da modalidade contractual de servizo determinado tratándose dun grupo operativo en emerxencias, de ámbito supramunicipal, que realizará as tarefas descritas no Anexo III das bases, debendo estar operativo as 24 h. do día, de luns a domingo, e onde o persoal que se contrate prestará o servizo distribuído en quendas diferentes.

A duración do contrato se corresponderá co período de duración do Grupo de Emerxencia Supramunicipal con sede no Concello de Becerreá e o Convenio suscrito para o seu desenvolvemento, ao que este concello se adheriu con data 26 de decembro de 2018 e que extenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021 sen prexuízo de que ao termo de cada anualidade, calquera das partes poderá denunciar o convenio coa antelación mínima dun mes quedando extinguida a relación laboral.

**SEGUNDO.-** Ordear a realización de cantos trámites sexan necesarios para a tramitación do proceso selectivo.

**BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, DUNHA (1) PRAZA DE PEÓN PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL OS ANCARES-LUGO-SARRIA E CREACION DUNHA BOLSA DE EMPREGO.**

**PRIMEIRA.-OBJECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria cubrir **1 praza de persoal laboral temporal, peón do grupo de emerxencias supramunicipal** polo sistema de concurso-oposición.





## CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F  
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

A duración do contrato se corresponderá co período de duración do Grupo de Emerxencia Supramunicipal con sede no Concello de Becerreá e o Convenio suscrito para o seu desenvolvemento, ao que este concello se adheriu con data 26 de decembro de 2018 e que extenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021 sen prexuízo de que ao termo de cada anualidade, calquera das partes poderá denunciar o convenio coa antelación mínima dun mes quedando neste caso extinguida a relación laboral.

Así mesmo o presente procedemento selectivo servirá para a **creación dunha bolsa de emprego** para futuras contratacións co obxecto de cubrir posibles vacantes, baixas ou substitucións do seleccionado e dos restantes integrantes do GES OS ANCARES-LUGO-SARRIA, todo elo nos termos sinalados nas presentes bases e por terse esgotado a anterior listaxe de reserva.

### SEGUNDA.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos da idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou graduado escolar ou equivalentes aos efectos laborais (o certificado de escolaridade considérase equivalente ao Graduado Escolar segundo Orde ECD/1417/2012 de 20 de xuño pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e de outros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei 14/1970, de 4 de agosto, xeral de Educación e financiamento da reforma educativa a efectos laborais); para titulacións obtidas no estranxeiro deberá aportarse o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo C.

2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, ao menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral temporal, no seu caso. Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Sr. Alcalde Presidente ou do Tribunal que algún dos/as aspirantes non pusúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do/a ineresado/a, deberá resolver, no primeiro caso ou propoñer no segundo ao Alcalde-Presidente da Corporación a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

### TERCEIRA.-SOLICITUDES

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Becerreá.

A instancia conterá, a lo menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que opta e farase constar, expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base Segunda da convocatoria.

Xunto coa instancia aportarase a documentación que o aspirante desexe que sexa tida en conta na fase de concurso, e conforme ao establecido nos apartados posteriores das presentes Bases.





## CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F  
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

2. O prazo para a presentación de solicitudes será de **15 días hábiles** contados a partir da publicación das bases **no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**. Dita publicación será a que se considere a efectos do cómputo do prazo sen prexuízo de que as bases tamén se publicarán no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<http://concellodebecerreia.sedelectronica.gal>) e na páxina web do Concello <http://www.concellobecerreia.es>.

3. As instancias, xunto co resto da documentación mínima que os aspirantes deben presentar solicitando participar no proceso selectivo presentarase **no modelo ANEXO II** no Rexistro Xeral do Concello.

As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da Sede electrónica do Concello. No caso de non ser presentado no rexistro municipal, os aspirantes deberán remitir un e-mail ao seguinte correo: [rocio.lopez.becerreia@eidolocal.es](mailto:rocio.lopez.becerreia@eidolocal.es), coa copia da solicitude debidamente rexistrada o mesmo día da súa presentación. Procederase de igual modo no caso de que a presentación da instancia teña lugar nunha oficina de Correos, remitindo copia da solicitude selada pola oficina.

Xunto á instancia, tamén se presentará:

- \* A Fotocopia do DNI.
- \* A Fotocopia do título mínimo requirido.
- \* A Fotocopia do permiso de conducir tipo C.
- \* O **Celga 2** ou equivalente (de ser o caso).
- \* A Fotocopia dos méritos alegados (de ser o caso).

As persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida (mediante a presentación do certificado de iniciación na lingua galega ou CELGA 2 ou o equivalente), quedarán exentas da súa realización e daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto/a.

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; presumirase documentación auténtica e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal ao/a aspirante que finalmente sexa seleccionado/a.

No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

### CUARTA.-ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

1. Rematado o prazo fixado para a presentación de solicitudes, a resolución da alcaldía aprobará a lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Becerreá e na páxina web.

2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 2 días hábiles, contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución, para poder subsanar ou emendar, no seu caso, o defecto que motivou a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Becerreá e na páxina web. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo. Na mesma resolución designarase ao Tribunal cualificador e se sinalará tamén o día, hora e lugar no que se constituirá o Tribunal e no seu caso, a data na que se realizará o primeiro exercicio da fase de oposición e será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Becerreá e na páxina web. Esta data (a da realización do primeiro exercicio) tamén poderá ser fixada unha vez se teña constituído o Tribunal cualificador tamén mediante Resolución da Alcaldía.

### QUINTA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

1.- O Tribunal encargado da selección estará integrado por:

Presidente/a:

Un funcionario/a ou persoal laboral fixo da administración local designado/a pola alcaldía.





## **CONCELLO DE BECERREÁ**

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F  
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Vogais:

Un funcionario/a ou persoal laboral fixo da administración local designado/a pola alcaldía.

Un funcionario/a ou persoal laboral fixo da administración local designado/a pola alcaldía.

Un funcionario/a ou persoal laboral fixo da administración local designado/a pola alcaldía.

Secretario/a:

Un funcionario/a ou persoal laboral fixo da administración local designado/a pola alcaldía

2.- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

5.- O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

6.- Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

A designación dos membros do Tribunal farase por resolución da alcaldía e farase pública no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello a efectos de recusación.

### **SEXTA.-COMEZO DOS EXERCICIOS**

1. A data e hora na que deberá constituírse o Tribunal será determinada pola Alcaldía xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a data da celebración do primeiro exercicio, a cal publicárase mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na páxina web.

2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non compareceran a realizalo.

3. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

### **SÉTIMA.-DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS**

1. En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa identidade.

2. A orde de actuación dos opositores para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará polos que o primeiro apelido corresponda coa letra que determine a Resolución da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública para o ano de celebración dos exercicios.

3. Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o Tribunal fará pública, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello e na páxina web, a relación de aspirantes que o superaran con indicación da puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

4. Dende o total remate dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberán transcorrer a lo menos 72 horas e un máximo de 45 días naturais.

5. Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **OITAVA.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS.**





## CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F  
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

### FASE DE CONCURSO. VOLUNTARIA E NON ELIMINATORIA.

(Puntuación máxima 5 puntos)

O tribunal valorará os méritos alegados e xustificados documentalmente polos aspirantes conforme o seguinte baremo:

#### 1. Méritos Profesionais (Máximo 3 puntos).

a) Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais nos últimos catro anos, 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.

b) Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendios, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público, 0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.

c) Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convoca, 0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos.

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.

#### 2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas.

Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública (Máximo 1 punto):

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso. Aos efectos da súa valoración os títulos ou documentación acreditativa deberán indicar o contido dos cursos, seminarios, congresos, xornadas.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

A experiencia profesional como persoal dos GES, protección civil ou en praza ou posto de igual contido no ámbito da administración Pública xustificárase: Presentando certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

—Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.

—Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

#### 3. Titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil.

Por estar en posesión do Título de Técnico en emerxencias e protección civil, ou do Técnico Superior en Coordinación de Emerxencias e Protección Civil: 1,00 puntos





## **CONCELLO DE BECERREÁ**

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F  
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Para acreditar os méritos sinalados nos puntos 2 e 3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición.

### **FASE DE OPOSICIÓN: OBRIGATORIA E ELIMINATORIA.**

(Puntuación máxima 20 puntos)

#### **PRIMEIRO EXERCICIO**

Consistirá na realización dunha proba escrita con 50 preguntas tipo test, e 5 preguntas de reserva, relacionadas co temario que figura como anexo I das presentes bases. Para a realización deste exercicio os aspirantes disporán dun tempo máximo de 75 minutos. (Puntuación máxima: 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba). As respostas erradas non restarán puntos.

#### **SEGUNDO EXERCICIO**

Consistirá na realización dunha proba práctica sobre as funcións a desenvolver (primeiros auxilios, excarceración de vehículos, incendios, etc.), tendo en conta o temario que figura como Anexo 1, e que será determinada polo Tribunal antes da súa realización. (Puntuación máxima: 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba).

#### **TERCEIRO PROBA DE GALEGO**

Terá por obxecto acreditar os coñecementos do idioma galego. Consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 30 minutos. Se calificará como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

A puntuación desta fase de oposición virá determinada pola suma das puntuacións acadadas nos dous primeiros exercicios (proba escrita e proba práctica), ademais de ser calificado coma apto na proba de galego, de ser o caso; puntuación máxima: 20, puntuación mínima: 10.

Quen non obteña esa puntuación mínima nesta fase de oposición xa non se lle valorará a fase de concurso e quedará excluída/o do proceso de selección.

A puntuación total acadada neste procedemento de selección virá determinada pola suma das puntuacións acadadas na fase de concurso e fase de oposición. Total puntuación: 25,00 puntos.

No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta o/a aspirante con maior puntuación obtida no segundo exercicio da fase de oposición (proba práctica).

No caso de que o empate persiste, resolverase tendo en conta o/a aspirante con maior puntuación no primeiro exercicio. De persistir o empate este resolverase a chou que se realizará en presenza dos/das interesados/as.

### **NOVENA.- PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN E PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.**

Concluídas as probas selectivas o Tribunal cualificador formulará proposta do listado dos/as aspirantes que superaron o procedemento selectivo por orde decrecente das puntuacións acadadas. O primeiro deles será proposto para a contratación e cos restantes se elaborará unha listaxe de reserva que se empregará coa finalidade de contratar temporalmente para cubrir prazas nos casos de rexeitamentos, vacacións, baixas e outras vacantes temporais de natureza similar.

A acta do Tribunal publicarase no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello, na que aparecerá o listado coas puntuacións, por orde decrecente, acadadas por cada un/unha dos/das aspirantes no procedemento de selección. Os/As interesados/as disporán dun prazo de dous días hábiles, contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as





## CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F  
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

alegacións, que estimen oportunas, no Rexistro Xeral do Concello. Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes, e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aprobará esa lista. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello e substituirá ás notificacións individuais ós/ás interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

O aspirante proposto deberá presentar no prazo de 5 días hábiles a documentación seguinte:

- a.- Presentar fotocopia e orixinal do título acreditativo da titulación esixida na base terceira.
- b.- Fotocopia e orixinal para a súa compulsa do Documento Nacional de Identidade.
- c.- Fotocopia e orixinal para a súa compulsa do Carnet de conducir tipo C.
- d.- Informe médico oficial no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- e.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme
- f.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente
- g.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
- h.- Fotocopia e orixinal da documentación acreditativa do procedemento de selección (concurso).

Ademáis, deberá facilitar unha copia da tarxeta da seguridade social e certificado de nº de conta bancaria (IBAN).

Unha vez presentada esa documentación en prazo será ditada Resolución da Alcaldía acordando a súa contratación.

Pasado ese prazo de cinco días hábiles, sen que o/a aspirante comparecese, entenderase decaído/a en todos os seus dereitos, procedéndose ó nomeamento do/a seguinte aspirante conforme ao proceso descrito.

Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). A participación neste curso poderá excepcionarse no caso de que o candidato conte co ciclo de formación de grado medio de técnico en emerxencias e protección civil. Dito curso de formación será convocado pola Federación Galega de Municipios e Provincias anualmente.

### **DÉCIMA.- FUNCIONAMENTO DA LISTA RESERVA DE CONTRATACIÓN**

Esta lista terá vixencia ata a creación dunha nova e a súa derogación expresa.

A bolsa constituirase en función da puntuación obtida a través do sistema de concurso oposición; non formarán parte da bolsa aqueles/as aspirantes que non superen a fase oposición. A maiores, para formar parte da bolsa de traballo, deberase estar en posesión dun curso de carácter teórico-práctico de intervención en emerxencias organizado pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) e dirixido para o persoal que supera o proceso selectivo para formar parte dos GES. No suposto de non ter realizado o curso, poderase formar parte da bolsa de emprego condicionando dita circunstancia á superación do mesmo con carácter previo ao ingreso no grupo.

As comunicacións de comparecer a ocupar un posto realizaranse telefonicamente, o que quedará acreditado no expediente a través da oportuna dilixencia asinada polo empregado público que as leve a cabo. Se no momento de ser chamado un/ha candidato/a renunciara, dita renuncia pode considerarse por “causa xustificada” ou “non xustificada”.

Considéranse como causas xustificadas á renuncia a ocupar un posto de traballo, o que o suporá non perder o seu lugar na lista, as seguintes:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante certificado médico)





## CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F  
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

- O de ter suscrito outro contrato de traballo (acreditado mediante dito contrato de traballo ou declaración xurada do interesado/a).

O/a candidato/a terá un prazo de dous días hábiles para achegar a devandita documentación acreditativa destas causas, dende o chamamento realizado.

Se polo contrario ao ser chamado/a renuncia ao posto sen causa xustificada, ou sen acreditar a mesma, a primeira vez que renuncie pasará a ocupa-lo último posto da lista, e á segunda será excluído da mesma por Decreto da Alcaldía.

A renuncia voluntaria e sen xustificación a un contrato xa asinado antes da súa finalización, producirá os mesmos efectos que os sinalados no parágrafo anterior.

Logo da chamada telefónica a que se fai referencia na base anterior, o/a aspirante presentará no Rexistro do Concello, no prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte en que se produza a mesma, os documentos seguintes:

- a.- Presentar fotocopia e orixinal do título acreditativo da titulación esixida na base terceira.
- b.- Fotocopia e orixinal para a súa compulsa do Documento Nacional de Identidade.
- c.- Fotocopia e orixinal para a súa compulsa do Carnet de conducir tipo C.
- d.- Informe médico oficial no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- e.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme
- f.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente
- g.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.
- h.- Fotocopia e orixinal da documentación acreditativa do procedemento de selección (concurso).

Ademáis, deberá facilitar unha copia da cartilla de seguridade social e certificado de nº de conta bancaria (IBAN). Unha vez presentada esa documentación en prazo será ditada Resolución da Alcaldía acordando a súa contratación. Pasado ese prazo de tres días hábiles, sen que o/a aspirante non comparecese, entenderase decaído/a en todos os seus dereitos, procedéndose ó nomeamento do/a seguinte aspirante conforme ao proceso descrito.

### UNDÉCIMO. - INCIDENCIAS

1.- As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo de un mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

### ANEXO I-TEMARIO

1. Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.
2. Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.
3. Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios
4. Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.
5. Accidentes de tráfico e excarceración.







## CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F  
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

6. Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas
7. Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.
8. Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia)

### ANEXO II-MODELO DE INSTANCIA

D/a.....provisto/a de  
D.N.I.                    nº..... con                    endereço                    na  
R/.....nº.....piso.....  
.....

C.Postal.....Localidade.....  
.....

Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Becerreá para a contratación laboral temporal (contrato de servizo determinado), a xornada completa, dun peón para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal e para a constitución dunha bolsa de emprego,

#### DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade nin causas de incapacidade específica recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Becerreá para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do Concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

#### (TACHAR O QUE PROCEDA)

- o Fotocopia do DNI.
- o Fotocopia do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, graduado escolar ou equivalentes a efectos laborais. (certificado de escolaridade).
- o Fotocopia do título de CELGA 2 ou equivalente ou superior.
- o Fotocopia do permiso de condución en vigor tipo C.
- o Xustificante de ter aboado os dereitos de exame por importe de 16 €. (epígrafe 5º da Ordenanza reguladora da taxa por documentos que expiden ou de que entenden as Administracións ou Autoridades Locais a instancia de parte aprobada polo Pleno do Concello en sesión de data 30 de setembro de 2003 e posteriormente modificada en sesión de data 17 de xaneiro de 2008)
- o Relación de méritos que alega e documentación xustificativa:





## CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F  
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

1. Experiencia profesional: Certificados expedidos polo órgano competente.
2. Formación: Copias dos correspondentes títulos.

EXPERIENCIA PROFESIONAL	ADMINISTRACIÓN/AVPC	DURACIÓN
FORMACIÓN	TÍTULO DEL CURSO	DURACIÓN

..... de..... de 2019

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BECERREÁ

### ANEXO III-FUNCIÓNS

O GES é un grupo operativo en emerxencias, de ámbito supramunicipal (Concello do Becerreá, Concello de Baralla, Concello de Cervantes, Concello de Navia de Suarna, Concello de As Nogais, Concello de Pedrafita e Concello de Triacastela), que realizará as tarefas descritas a continuación, debendo estar operativo as 24 h. do día, de luns a domingo, e onde o persoal que se contrate prestará o servizo distribuído en quendas diferentes

As funcións que se realizarán como peóns do Grupo de Emerxencias Supramunicipal, son as recollidas no Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, asinado con data 26 de decembro do 2018.

- Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de incendios forestais coordinaranse tecnicamente co distrito forestal. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.

- Definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais de competencia municipal.

- Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

- Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal da titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.





## CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F  
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

- Realizar actuacións de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.
- Prácticas preventivas naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de corta lumes naturais ante calquera perigo de lume.
- Intervir en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro.
- Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntamentos de terra, situacións de seca, así como actividades de control fronte a vespa velutina por seguridade das persoas.
- Colaborar, e no seu caso, intervenir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.
- Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.
- Colaborar e prestar apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.
- Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.
- Realizar actividades e, no seu caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicados nos apartados anteriores.
- Retirada de animais feridos, mortos ou abandonados, que ocasionen un risco para a salubridade ou risco pola perigosidade debido a tipoloxía, raza, estado, ou situación do animal, sempre que o concello onde se atope o animal se faga cargo de aboar o custo do seu depósito nun refuxio, canceira, zoolóxico, etc, dando él a orde de recollida e indicando onde se vai a levar.
- Eventualmente axudarán a garantir a sanidade e a salubridade das persoas, dos espazos públicos e do medio ambiente participando na limpeza e recollida de materiais nocivos que requiran ser retirados de xeito inmediato por ser un risco para as persoas, bens ou medio ambiente.
- Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación emerxencia ou prevención da mesma, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.

Ordénao e asínoa electrónicamente o Sr. Alcalde-Presidente.

